

GIOVANNI VERGA

Os Malagana



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2023.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Irmás Cartoné, 2024

Título orixinal: *I Malavoglia*

Tradución do italiano: María Alonso Seisdedos

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-126247-6-2

Dep. legal: C 519-2024

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización por escrito dos titulares do Copyright ©.

I

Outrora había tantos Malagana como pedras no camiño vello de Trezza; habíaos mesmo na Ognina e en Aci Castello, todos eles xente do mar boa e capaz, como é debido, xusto o contrario do que daba a entender o alcume. En realidade, na partida parroquial apelidábanse Toscano, pero iso nada quería dicir, porque des que o mundo era mundo, na Ognina, en Trezza e en Aci Castello coñecéranos, de pai a fillo, polos Malagana, familia que sempre tivera barcas na auga e tellas ao sol. Agora en Trezza non quedaban máis Malagana que os do amo 'Ntoni, da casa da nespereira e da *Providencia*, que estaba amarrada no xogal, por baixo do lavadoiro, xunto á *Concetta* do tío Cola e á *paranza** *Cebola* do amo Fortunato.

Os temporais que dispersaran para aquí e para acolá os outros Malagana pasaran sen causar estragos maiores nin na casa da nespereira nin na barca amarrada por baixo do lavadoiro, e o amo 'Ntoni, para explicar o milagre, mostraba o puño —un puño que semellaba feito de pau de nogueira— e dicía: «Para levar o remo cómpre a axuda dos cinco dedos».

* Pequena embarcación típica da costa adriática italiana, con vela latina e uns doce metros de eslora, utilizada para a pesca de arrastre. (*Todas as notas son da tradutora.*)

Dicía incluso: «Os homes foron feitos como os dedos da man: o gordo ten que facer de dedo gordo e o maimiño de dedo maimiño».

E a familia do amo 'Ntoni estaba disposta talmente como os dedos da man. Primeiro viña el, o gordo, que era o que tiña a vara e mais a besta. Despois Bastiano, o fillo, o Bastianazzo, porque era graúdo como o san Cristovo que estaba pintado no arco da peixaría da cidade; mais por graúdo que fose, facían sen retrucar a manobra que lle mandaban e nin o nariz fungaba se o pai non lle dicía «funga o nariz», ata o punto de que tomou por esposa a Longa cando lle dixeron «casa con ela». Despois viña a Longa, unha pequerrecha que se ocupaba de tecer, salgar os bocartes e facer fillos, como boa ama de casa. Por fin os netos, segundo a idade: o 'Ntoni, o máis vello, un langrán de vinte anos que aínda apañaba algunha covachada do avó e algún couce máis para baixo para que recuperase o equilibrio se a covachada fora moi forte; o Luca, «que tiña máis sentidiño que o máis vello», repetía o ancián; a Mena (Filomena), alcumada a *Santa Ágata*, porque estaba sempre dándolle ao tear e xa se sabe que «a muller no caneleiro, a galiña no poleiro e o rubio en xaneiro»; o Alessi (Alessio), un rapazolo cuspidiño ao avó; e mais a Lia (Rosalia), aínda nin carne nin peixe. Aos domingos, cando entraban na igrexa, un detrás do outro, era como unha procesión.

O amo 'Ntoni sabía aínda algúns ditos e refráns que lles sentira aos devanceiros, porque os ditos dos devanceiros nunca menten: «Barca parada non gaña soldada», «Para ser papa antes hai que saber ser sancristán», ou tamén: «Fai o oficio que sabes, que, se non enriqueces, has saír adiante», «Conténtate co que fixo teu pai; polo menos, non serás un moicante» e outros proverbios.

Velaí por que prosperaba a casa da nespereira e o amo 'Ntoni pasaba por persoa avisada, ata o punto de que se en Trezza non o fixeron edil foi porque o don Silvestro, o secretario, que sabía o que aínda non se inventou, andara a pregoar que era un carca, un reaccionario dos que protexen os Borbóns e que conspiraba polo regreso do Franceschello' para poder mangonear na aldea como mangoneaba na súa casa.

O certo era que o amo 'Ntoni ao Franceschello nin de vista o coñecía, limitábase a atender o seu e dicía: «Quen ten casa ao seu coido non dorme cando quere» porque «quen manda ten que render contas».

En decembro de 1863, ao 'Ntoni, o máis vello dos netos, chamárono a quintas para o servizo militar pola Mariña. O amo 'Ntoni foi correndo onda os caciques do lugar, que son os que nos poden botar un cabo. Non obstante, o don Giammaria, o párroco, respondeulle que lle estaba ben e que ese era o froito desa revolución do díaño que fixeran tendendo o farrapo tricolor na torre da igrexa. Pola súa banda, o don Franco, o boticario, ría entre dentes por baixo dos pelos das barbas e xuraba, fregando as mans, que, se daban posto en pé un algo de república, a todos eses das quintas e dos trabucos escorrentábanos ás patadas no cu, porque xa non habería máis soldados, que había ir toda a xente á guerra, se facía falta. Entón o amo 'Ntoni pregoulle e suplicoulle polo amor de Deus que apurase dunha vez co da república, antes de que recrutasen o 'Ntoni, o neto, como se iso estivese nas mans do don Franco, ata o punto de que o boticario acabou montando en cólera. O don Silvestro, o secretario, escangallábase da risa ante aquela conversa e díxolle por fin que se untaba cunha

* Francisquiño: Francisco II de Borbón (1839-94), derradeiro rei das Dúas Sicilias, que foi derrocado tras a expedición de Garibaldi.

peitiña tal e tal persoa que el sabía, fixo que lle atopaban unha eiva ao neto para libralo. Por desgraza, o rapaz fora feito á conciencia, tal como aínda se fabricaban en Aci Trezza, e o médico que pasaba a revisión, cando viu diante aquel marullo, díxolle que a única eiva que tiña era estar plantado como unha pilastra sobre eses pés que parecían pas de chumbeira, pero que, nos días malos, os pés de pa de chumbeira daban máis xeito que os de botín estreito na ponte dun acoirazado, así que alistaron o 'Ntoni sen dicir nin «con permiso». A Longa, mentres conducían os recrutas ao cuartel, trotaba atafegada de par das alancadas do fillo e recomendáballe que levase sempre no peto o escapulario de Nosa Señora e que lles mandase novas cada vez que volvease algún coñecido da cidade, que despois xa eles lle mandaban o diñeiro para o papel.

O avó, como home que era, non dicía cousa, pero sentía un nó na gorxa e evitaba mirarlle a cara á nora, como se estivese amuado con ela. Así volveron para Aci Trezza, calados como petos e coa cabeza gacha. O Bastianazzo, que desaparellara rápido a *Providencia* para ilos agardar ao camiño, cando os viu aparecer así, amouchados e cos zapatos na man, non tivo azos para abrir a boca e volveu para a casa con eles. A Longa correu a encerrarse na cociña como se tivese ansias de encontrarse a soas coa cacharrada e o amo 'Ntoni díxolle ao fillo:

—Vaille dicir algo á coitada. Xa non pode máis.

Ao día seguinte volveron todos á estación de Aci Castello para ver pasar o tren dos quintos que partían para Messina e agardaron máis dunha hora, esmagados pola recovaxe, detrás do valado. Por fin chegou o tren e apareceron todos aqueles mozos a bracear e asomar a cabeza polas ventás, como os bois cando os levan á feira. Os cantos, as risas e o rebumbio eran

de tal calibre que aquilo parecía a festa de Trecastagni, e entre o xentío e a algeirada esquecíase incluso o aperto do corazón que se tiña antes.

—Adeus, 'Ntoni!

—Adeus, *mamai!*

—Adeus! Non nos esquezas! Non nos esquezas!

Alí preto, a carón da vía, estaba a Sara da comadre Tudda^{''} a apañar herba para o becerro, mais a comadre Venera, a *Coxa*^{'''}, andaba a murmurar que viñera para se despedir do 'Ntoni do amo 'Ntoni, co que se falaba polo muro do eido, que os vira ela con eses seus ollos que habían de comer os vermes. O certo é que o 'Ntoni lle dixo adeus á Sara coa man e ela quedou alí coa fouce no puño a mirar ata que o tren se puxo en marcha. Á Longa pareceulle que lle roubaran a ela esa despedida, así que, durante moito tempo, cada vez que se atopaba coa Sara da comadre Tudda na praza ou no lavadoiro viráballes as costas.

Por fin partiu o tren asubiando e trecoleando ata engulir todos os cantos e os adeuses. E despois de se desbandaren os curiosos, alí non quedaron máis que unhas mulleriñas e algún que outro malpocado que seguían arrimados aos esteos do

* Aldea do norte de Catania cuxa festa maior, na honra de santo Alfio, se celebra o 10 de maio

** Diminutivo de Ágata.

*** Como se verá máis adiante, o alcume vénlle do home, o *Coxo* (*Zuppido*), que á súa vez o herdou do avó. Por outra banda, en Sicilia celébrase o *Vennari Zuppiddu* (Venres Coxo) o terceiro venres do Entroido, que vén sendo o antagonista do Venres Santo e quizais teña unha relación coa caracterización popular do demo como ser coxo. Para reforzar a imaxe diabólica da *Coxa*, aparece en moitas ocasións coa roca ou o fuso na man, ameazante, sen facer ruído, o que recorda «A vella do fuso», unha bruxa do imaxinario popular siciliano que custodia un tesouro.

valado sen saber por que. Por fin, aos poucos, dispersáronse tamén eses e o amo 'Ntoni, presentindo o mal sabor de boca que lle quedara á nora, pagoulle dous céntimos de auga con limón.

A comadre Venera, a Coxa, para consolar a comadre Longa, dicíalle:

—Resígnate, muller, que durante cinco anos vas ter que facer como se che morrese o fillo e non pensar máis nel.

Con todo, na casa da nespereira pensábase decote nel, quer pola cunca de máis coa que a Longa aparecía acotío nas mans ao pór a mesa, quer por un ballestrinque que o 'Ntoni sabía facer mellor que ninguén no cabo da vela, quer cando cumpría cazar a escota dunha vela tensa como unha corda de violín ou halar unha maroma que, doutro xeito, precisaría un cabrestante. O avó, arfando con ois e ais, intercalaba: «Que ben nos viña agora aquí o 'Ntoni!» ou: «Vós igual pensades que eu teño o pulso do rapaz!». A nai, mentres batía e volvía bater co peite no tear —un, dous, tres!—, pensaba no pum pum da locomotora que lle levara o fillo e que se lle fincara no corazón, nese gran desconcerto, e que lle petaba aínda dentro do peito: un, dous, tres!

O avó, en fin, tiña uns argumentos peculiares para consolar-se e para consolar os outros: «Amais, que queredes que vos diga? Ir ao servizo vaille facer ben ao rapaz, que lle gustaba máis levar os brazos de paseo aos domingos que usalos para gañar o pan». Ou incluso: «Cando probe o pan salgado que se come noutros sitios, deixará de protestar pola sopa da casa».

Ao cabo chegou de Nápoles a primeira carta do 'Ntoni, que revolucionou a veciñanza toda. Dicía que as mulleres, por

aqueles partes, varrían a rúa vestidas con saias de seda, que na ribeira había teatro de monicreques e se vendían pizzas a dous céntimos, desas que comen os señores, e que sen cartos alí non se podía estar, que non era como en Trezza, onde se non se ía á taberna da Santiña non había onde gastar unha carocha.

—Mandámoslle cartos para que merque pizzas o larpeiro! —rosmaba o amo 'Ntoni—. Ora que el non ten culpa, é feito así, é feito como as pescadas, que ata un cravo enferruxado engolen. Se non fose porque o tiven nestes brazos cando o bauticeiro, diría que o don Giammaria lle puxo na boca azucre en vez de sal!

No lavadoiro, a Papalfarrobas, cando estaba tamén a Sara da comadre Tudda, dicía:

—Seguriño! As mulleres vestidas de seda agardaban xusto polo 'Ntoni do amo 'Ntoni para amarralo, que por aló seica non viran estafermo igual na vida!

As outras escarcallábanse e de alí en diante as mozas rancorosas chamábanlle o Estafermo.

O 'Ntoni mandara tamén un retrato, vírano todas as mozas do lavadoiro, pois a Sara da comadre Tudda pasábao de man en man por baixo do mandil, e a Papalfarrobas rabiaba cos celos. Parecía o san Miguel Arcanxo en carne e óso, con aqueles pés chantados na alfombra e aquela cortina por riba da cabeza, como a de Nosa Señora da Ognina, tan garrido, aviado e relimpo que non o recoñecía nin a nai que o fixo. E a coitada da Longa non se cansaba de contemplar a alfombra e a cortina e a columna contra a cal estaba o seu rapaz teso como o pau dunha vela, a rozar coa man o respaldo dunha linda poltrona, e daba grazas a Deus e aos santos que lle puxeran o

fillo no medio de todo ese requinte. Ela tiña o retrato encol do *canterano*^{*}, por baixo do fanal do Bo Pastor, «e rezáballe avemaría», dicía a Coxa, e cría que tiña alí enriba do *cantenerano* un tesouro, cando a sor Mariangela, a Santiña, tiña outro idéntico, que estaba alí para quen quixese velo, que llo regalara o compadre Mariano, o *Cintosolto*, e chantárao na barra da taberna por detrás dos vasos.

O caso é que co tempo o 'Ntoni dera cun compañeiro que sabía de letras e agora espraiábase laiándose da mala vida que lles daban a bordo, da disciplina, dos superiores, do arroz pasado e o calzado estreito.

—Unha carta que non valía os vinte céntimos do selo!
—rosmaba o amo 'Ntoni.

A Longa anoxábase con aqueles garabatos que semellaban os anzois para o peixe lúa e nada bo podían dicir. O Bastianazzo zaramoneaba e dicía que non, que iso non se facía, que, el no seu sitio, había pór sempre cousas alegres, das que alumaban o corazón, alí no papel, e apuntaba un dedo gordo como un tolete, nin que só fose por compaixón da Longa, coitada, que non se resignaba e parecía unha gata que perdeu os gatiños. O amo 'Ntoni foi ás agachadas pedirlle ao boticario que lle lese a carta e despois ao don Giammaria, que era do partido contrario, para ouvir as dúas voces e, unha vez persuadido de que estaba escrita como estaba, repetíalles ao Bastianazzo e á muller deste:

* Cómoda escritorio cun corpo superior que se fecha cunha tampa inclinada. Tanto o nome como o formato son de orixe italiana, por iso prefiro manter o orixinal. Só nunha ocasión emprega o autor o termo *casetone* para referirse ao mesmo moble, que se traduciría por 'cómoda' simplemente (véxase a nota da páxina 199).

—Dígovolo eu! Ese rapaz quería nacer en boas pallas, como o fillo do amo Cebola, para folgar e rañar a barriga!

Entre tanto, a campaña fora ruín e o peixe agora, des que os cristiáns aprenderan a comer carne tamén aos venres como os turcos, había que dalo regalado. Para máis, os brazos que quedaran na casa non abundaban para gobernar a barca e, por veces, tiñan que coller ao xornal o Menico da Tola ou calquera outro. Era así o rei, arramplaba cos rapaces para o servizo cando estaban en condicións de gañar o pan e, mentres eran unha carga para a familia, esta tiña que crialos para soldados. E aínda había que pensar na Mena, que estaba para facer os dezasete e os mozos xa se volvían cando pasaba para ir á misa. «O home é lume, a muller estopa; chega o demo e sopra». Por iso había que recorrer ás mans e aos pés para sacar adiante a barca da casa da nespereira.

O amo 'Ntoni, polo tanto, para sacar adiante a barca, chegou co tío Crucifixo, o Carraca, ao acordo de mercarlle uns chicharos de raposo ao fiado e vendelos en Riposto, onde o compadre Cintosolto lle dixera que había un buque de Trieste á espera de carga. A verdade, os tales chicharos estaban medio podres, pero en Trezza non había outros e o moína do Carraca sabía que a *Providencia* a comían o sol e a auga, amarrada onde estaba por baixo do lavadoiro, sen saír ao mar, e porfiaba en facer o parvo.

—E logo? Non che convén? Pois aí quedan, pero nin por un céntimo menos podo, palabra, como que a alma lla hei de dar a Deus!

E abaneaba a cabeza que parecía mesmo unha carraca. Esta conversa tiña lugar na porta da igrexa da Ognina o primeiro domingo de setembro pola festa de Nosa Señora, con grande

afluencia desde todas as aldeas da contorna. Estaba alí tamén o compadre Agostino, o *Patapato*, que coas súas churruscadas conseguiu que axustasen en dúas onzas con dez taríns* a *sal-ma*", pagadoiras a prazos a tanto ao mes. Porque co tío Crucifixo acababa sempre así a cousa, que sempre lle facían agachar as orellas como Peppinino", porque tiña o maldito vezo de non saber dicir que non.

—Xa! —escarcallábase o Patapato—. Vostede non sabe dicir que non cando lle convén. É vostede como as... —E dixo como era.

A Longa, cando soubo do negocio dos chícharos de raposo na sobremesa da cea, mentres se falaba cos cóbados no mantel, quedou coa boca aberta, como se lle caese aquela enorme suma de corenta onzas no estómago. Só que as mulleres son coreñas de seu e o amo 'Ntoni tivo que explicarlle que se o negocio ía ben era o pan para o inverno e o dote para a Mena, e de alí a Riposto o Bastiano ben podía ir e vir nunha semana co Menico da Tola. O Bastiano, entre tanto, espabiaba a candea sen dar fala. Por fin, decidiuse o negocio dos chícharos de raposo e a viaxe da *Providencia*, que era a barca máis vella da aldea pero tiña nome avegoso. A Maruzza seguía co corazón apertado, mais non daba fala porque non era asunto dela e, calada como un peto, afanábase en aviar a barca e as cousas para a viaxe: o pan fresco, o cántaro co aceite, as cebolas, o abrigo forrado de vélaro, por baixo da bancada dos pés e no cofiño.

* A onza era unha antiga moeda siciliana que se dividía en trinta taríns.

** Medida de superficie e volume para gran que oscilaba nas distintas zonas da illa entre os 250 e os 320 quilos.

*** Monicreque siciliano cuxa característica principal é a resignación.

Os homes tiveran moito que facer todo o día co usureiro do tío Crucifixo, que lles vendera estopa por liño, pois os chicharos estaban medio podres. O Carraca dicía que el diso non sabía nada, como hai Deus! «Trato feito, nunca desfeito», que el a alma non llela había dar aos porcos! O Patapato renegaba e blasfemaba como un endemoñado para os pór de acordo, xurando e perxurando que na vida lle acontecera nada similar, e afundía as mans no monte de chicharos de raposo e mostráballelos a Deus e a Nosa Señora, pondoos de testemuñas. Por fin, aceso, acalorado, fóra de si, fíxolles unha proposta desesperada e, cos sacos na man, plantoulles cara ao tarambaina do tío Crucifixo e aos Malagana:

—Veña! Páganllos no Nadal en troques de ir dando a tanto ao mes e cun desconto dun tarín por *salma!* Acábenme dunha vez, mal demo os leve! —E púxose a ensacar—: No nome de Deus, e un!


A *Providencia* partiu o sábado contra o serán, pasado xa o toque das avemarías, se ben a campá non se ouvira porque o mestre Cirino, o sancristán, lle fora levar un par de botas novas ao don Silvestro, o secretario. Era o momento no que as rapazas formaban como un remuíño de pardais arredor da fonte e o luceiro da tarde xa se vía nítido e resplandecente que semellaba un farol suspendido da antena da *Providencia*. A Maruzza, coa meniña no colo, permanecía na ribeira sen dar fala, mentres o home soltaba a vela e a *Providencia* abaneaba como un parrulo sobre as ondas que rompían contra os farallóns.

—Soán claro e norte fecho, sae ao mar sen medo —dixo o amo 'Ntoni desde a ribeira, contemplando a montaña toda negra de nubes.

O Menico da Tola, que estaba na *Providencia* co Bastianazzo, gritou algo que o mar tragou.

—Di que os cartos llos mandemos á nai, a Tola, porque ten o irmán sen choio! —engadiu o Bastianazzo.

E esas foron as derradeiras palabras súas que se ouviron.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRE-
LO O 22 DE MARZO DE 2024

